


Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2013

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



MAMASES, PAPASES, AVOAS,
AVÓS, PROF@S e demais adult@s:

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s desexades
escribir ...




...que anque hai quen di que xa se ve a luz ao final do túnel, non está moi claro, e aínda así a tod@s nos fai ilusión recibir un agasallo ou agasallar ás persoas que máis queremos.

Coma dende a biblioteca pensamos que unha boa lectura ou unha boa música perdura no tempo e pode brillar máis ca un diamante, permitímonos facervos estas propostas.

MAMASES,PAPASES,AVOAS, AVÓS,PROF@S e demais adult@s:

- **Cadeas-Xabier López-Xerais (en e-pub e papel):** Un escritor atopa na praia a unha moza que le unha obra del; a partir deste encontro, varias historias conforman este libro de amor, humor, retransca, lembranzas, que non deixará indiferente a case ninguén.



- **A memoria da choiva-P.Feijoo-Xerais(en e-pub e papel):**Novela negra e de misterio que abre cun brutal asasinato. Inicio dunha cadea de mortes que un xornalista e unha profesora tratarán de evitar.

- **O corazón da Branca de Neve-F.Castro-Galaxia::** Róuballe unha meniña a unha inmigrante;o inspector Hermida dará con bandas adicadas a traficar con persoas nun dos casos máis difíciles da súa carreira.




- **Vento e chuva.Mitoloxía da antiga Gallaecia-Gago/Cráneo-Xerais:** Percorrido a xeito de reportaxe pola nosa mitoloxía na Idade de Ferro. Lendas, deus@s, lugares,costumes...



- **O edificio Yacoubian-**

A.Al Aswany-Rinoceronte: Percorrido pola actualidade exipcia da man de varios personaxes co nexo común deste edificio do Cairo.



- **Raíz da fenda-B.Dávila-Xerais:**Poesía sobre as fendas e feridas que percorren a existencia; o desamor, a perda e a morte, o abandono, a fuxida da casa para atoparnos a nós mism@s.

- **Carlos Blanco:ao vivo (de momento):** DVD, porque, disque, o riso é sanador e rir de nós mism@s é ata preciso. Retranca da nosa, humor afiado.



E tamén música, para disfrutar a soas ou cantar en compañía:

- **Co xenio destrozado-Sés:**Vai polas mamás que preguntaron de quen era aquela canción tan chula da entrada. Ritmos diferentes,sons latinos, rock, balada,todos coñecidos. Letras para non esquecer na fermosa voz de Sés.



- **Galiza-Kepa Junkera-Fol:** O noso folclore, a nosa música, coidada con mimo exquisito por un euskaldún ao seu acordeón. Coa millor compañía. Libro e 2

CDs.

